

O **comentario** ou **análise de texto** pretende medir a madureza intelectual do alumnado, posto que aquí non se controlan os coñecementos previamente estudados, senón que se miden os hábitos intelectuais do mesmo, se é quen de ler, entender un texto e tamén de sintetizalo, ordenando e expresando de forma clara as ideas.

Para isto é fundamental estar informado dos distintos aspectos da realidade, a través da lectura de libros, xornais, ou da atención á radio, á televisión ou á Internet; contrastando as informacións.

1. Texto e intención comunicativa

O sentido global de calquera **acto comunicativo** resulta da combinación entre **texto, contexto, situación e intención do emisor**.

O ton da voz ou os xestos rodean a comunicación oral e deben ser coñecidos e recoñecidos para unha correcta interpretación. A situación, así como diversos elementos non explícitos, mais sobreentendidos modifican a interpretación literal dun texto.

Coñecer a intención do emisor é fundamental no momento da correcta interpretación do texto. Segundo isto distínguense os seguintes **tipos de texto básicos**:

Informativos: Tratan de transmitir información, definindo, describindo, explicando, expoñendo, comentando... A este tipo pertencen as noticias, as conferencias, os libros escolares, os artigos das enciclopedias, etc.

Persuasivos: Procuran convencer, influír ou persuadir o receptor, mediante razóns, argumentos e, mesmo, opinións. Exemplos poden ser os debates, os mitins, os anuncios publicitarios, os artigos de opinión, as obras de tese...

Instrutivos: Céntranse en dar ordes, recomendacións ou instrucións.

De contacto social: Serven ben para manter ou principiar unha relación social, ben para rompelas ou para adialas. Este é o fin de moitas conversas informais, das tarxetas de felicitación ou agradecemento, ou de determinadas malas respostas.

Lúdicos: O seu obxectivo é o divertimento e o entretemento: xogos de palabras, bromas...

Evidentemente, non todos os textos conteñen unha única intención. Un texto persuasivo pode conter información ou crítica de opinións; unha broma sobre un rival político nun mitin pode procurar un efecto persuasivo, un chiste nunha reunión pode buscar o contacto social.

2. O contido

Unha boa comprensión do texto exprésase na capacidade da **analizar** ou **sintetizar** o seu contido. Tras unha lectura atenta, hai seis exercicios que veñen determinando esa comprensión:

2.1. O tema:

Consiste en expresar de xeito breve (non maior que unha oración en xeral) a mensaxe central e a intención do texto que nos quere transmitir o autor ou autora.

2.2. O esquema de ideas:

Para realizar esta cuestión, debemos de elaborar un estudo sintáctico do texto, entendido como unha análise de coordinación e subordinación, é dicir, debemos saber seleccionar a **idea ou ideas principais** e cal ou cales son as que se subordinan a estas, é dicir as **secundarias**, prescindindo de todo aquilo que é anecdótico, superfluo ou complementario. Os propios recursos tipográficos empregados (división en párrafos, palabras subliñadas ou en negriña etc.) pode ser de gran axuda. A relación entre tema, ideas principais e secundarias pode formalizarse a través dun **esquema**.

O resultado debe ser unha exposición ordenada, xerarquizada e sintética, algo así como o “esqueleto semántico” que permita acceder aos trazos máis significativos do texto.

O comentario crítico ou análise de texto

O método pode ser o de sistema de chaves, ou o de ir matizando as ideas mediante o sistema numérico ou alfabético, ou mapas conceptuais. Hai que ter presente que a brevidade é un trazo semántico que acompaña a todo esquema que se prece de selo.

2.3. O resumo:

É un exercicio de comprensión e síntese. No resumo (non máis de seis liñas) **evítanse os detalles episódicos e os xuízos valorativos**.

Non se trata de escribir o texto proposto, senón de redactar un novo texto **conciso e claro** que conteña as ideas esenciais do primeiro.

En conclusión a **síntese ou resumo**:

Debe responder ao contido principal do texto.

Non debe introducir opinións e xuízos de valor.

Hai que esquecer os detalles que non sexan relevantes para o conxunto.

Unha vez resumido ou antes extraeremos unha soa idea: o “tema”.

2.4. O título:

A elección do título debe seguir as seguintes motivacións: anticipar o contido do texto, insinuar a idea central, intrigar... Na elección do título debe primar a orixinalidade, ser breve (oito palabras como moito), evitar o emprego de verbos e estar relacionado co tema do texto.

2.5. A estrutura:

O texto organiza os seus contidos. A **disposición do texto** (títulos, parágrafos etc.) axúdanos a percibila. Tamén debemos prestar atención ás **marcas de secuenciación** do propio texto (conectores de presentación ou peche, de secuenciación ou cambio de tema, de contraposición ou adición de ideas etc.).

Nos textos expositivos ou argumentativos é frecuente atopar:

- a) Presentación ou introdución do tema (idea principal) ou hipótese..
- b) Desenvolvemento ou corpo (parte central na que se expoñen razoamentos, confrontan datos, refutan opinións...). Tamén pode conter fragmentos descritivos, narrativos, exemplos...).
- c) Conclusión ou reflexión final (recompilación ou síntese estrutural).

Debemos ter claro que estas partes non sempre aparecen na mesma orde. É frecuente por exemplo que a conclusión inicie o texto e no desenvolvemento se argumente ou illustre sobre o argumento inicial.

2.6. Comentario crítico:

Chega agora o momento do xuízo crítico, unha vez que xa se comprendeu a mensaxe nuclear (tema) e se estableceu o sistema de interrelacións e xerarquías (esquema estruturado).

Hai que reflexionar con serenidade para que o resultado final sexa coherente e harmónico.

Hai que centrarse sobre dous eixes básicos: o **plano do contido** e o **plano da expresión**.

No primeiro, debemos estudar a posición que adopta o autor ou autora fronte ao tema que trata. Agora é o momento de analizar a actualidade do texto, a obxectividade e, de permitilo o tema, a intencionalidade do autor ou autora.

Unha vez feito isto hai que meterse de cheo no comentario crítico (xuízo crítico). Daquela, as ideas do autor ou autora (e a súa relación con outras, propias ou alleas) deben pasar pola nosa peneira crítica, que ten que xulgalas, manifestando a nosa propia opinión, de **xeito impersoal**. A achega persoal, a orixinalidade e a creatividade teñen cabida neste comentario.

O comentario crítico ou análise de texto

Mantendo a fidelidade ao texto, imos emitindo o xuízo crítico, a opinión persoal, contraponéndoas ás ideas do autor ou autora. Esta opinión persoal pode ser coincidente ou discrepante, pero sempre ten que haber unha sólida argumentación que sosteña os xuízos. Estes deben ir sempre razoados, aínda que se estea de acordo coas ideas do texto. De todos os xeitos, sempre cabe a opción de estar a favor dalgúns ideas e en contra doutras, e caben tamén todos os matices que se queiran introducir.

Debemos evitar a descualificación persoal ou dogmática. Non debemos empregar sistematicamente a primeira persoa (eu), pola contra si a impersonalidade; nin expresións como: *Baixo o meu punto de vista, eu creo que...*

No segundo plano, o da expresión, ortografía e puntuación, hai que se esforzar en ter unha **caligrafía clara**, para que a presentación sexa aceptable. O rexistro lingüístico debe estar á altura das circunstancias, coidando a expresión léxica ao máximo, acompañada dunha correcta utilización dos signos de puntuación.

En resumo no comentario crítico debemos mostrar que: Entendemos o texto. Sabemos valoralo e aprecialo no seu contexto. Temos coñecementos e opinións sobre o tema tratado.

Distínguense cinco **tipos básicos de argumentos**:

1. De experiencia persoal

Son observacións propias que nos foron comunicadas por outra persoa. Deben evitarse como argumento único ou principal, e non deben caer no anecdótico.

Recordo saír á rúa sen perigo, e xogar, e brincar, e internarme por carballeiras e soutos, e bañarme nas augas claras do Pontañas...

2. De universalidade

Utilizamos algunha idea que supoñemos de aceptación universal.

Ninguén discute a necesidade de mantermos a biodiversidade, pero cómpre remarcar que iso é nivel de vida... Por que, logo hai cada vez menos espazos para a xente e máis para os coches?

3. De semellanza

Empréganse exemplos análogos ou diverxentes, para mostrar as similitudes ou diferenzas.

En Allariz non hai máis poder económico que aquí, pero se cadra hai máis sensibilidade. Manter e restaurar é a súa divisa desde hai anos, cal foi o resultado? Alguén lembra aquel Allariz degradado?

4. De xeneralización

Utilízase un feito como representativo dunha situación xeral.

Onte baixando pola Colón foi atropelado un xubilado que saía das Galerías. Era dirección prohibida, pero ninguén se preocupa de facer valer as ordenanzas de tráfico.

5. De autoridade

Invócanse criterios, citas ou ideas de persoas, libros ou institucións con prestixio e ascendencia sobre o auditorio que corroboran as nosas liñas argumentais; tamén se utiliza o mesmo en sentido inverso, isto é, empréganse opinións de persoas vilipendiadas que manteñen unha opinión contraria á nosa.

O comentario crítico ou análise de texto

As propiedades do texto⁽¹⁾

Consideramos o texto como unha unidade de comunicación concluída e autónoma, podendo os textos estar cifrados en códigos diferentes: poema, canción, novela, película, cómic, mensaxe...; formando parte non só da linguaxe verbal senón doutras específicas (diálogos, debuxos, linguaxe icónica...).

Por outro lado, o contexto no que se produce a comunicación pode ser **discursivo ou lingüístico e circunstancial ou extralingüístico**. Estes factores definen as **propiedades** que permiten que un texto sexa correcto: **coherencia, cohesión e adecuación**.

A adecuación

Esta propiedade permítenos a elección da canle (oral ou escrita), a selección da variedade de lingua máis acorde ao acto comunicativo (estándar, dialectal, social ou de nivel, situacional ou de rexistro). Desta forma, debemos adoptar a variedade máis axeitada á situación.

Alén das variedades da lingua, debemos ter en conta aspectos como:

- a) A finalidade da comunicación: convencer, narrar, informar...
- b) O papel social desempeñado nesa situación: médica-paciente, acusado-xuíza, alumna-profesor...
- c) O código usado: gráficos, debuxos, iconas, lingua oral...
- d) As normas sociais establecidas: ser cortés, ser breve, mostrar educación...

Sinalar, por último, que a adecuación dun texto consiste en atender axeitadamente:

- a) Ao **tema**, que condiciona non só o contido senón tamén a forma (terminoloxía, formalidade lingüística...).
- b) Á **intención** comunicativa, que condiciona o tipo de discurso: narrativo, descritivo, argumentativo...
- c) Ao **destinatario**, que condiciona a escolla léxica, a maior ou menor especialización na exposición...
- d) Á **situación**, que condiciona o rexistro (coloquial ou formal).

A coherencia

Esta propiedade consiste na selección, progresión e ordenación lóxica da información, amosando o texto **coherencia de contido e de forma**.

Para que o texto sexa coherente a información que se ofrece debe ter as seguintes calidades:

- a) **Completa e suficiente**. Non debe deixarse de dar información importante para a comprensión do tema a tratar, mais tampouco se debe incluír información superflua.
- b) **Clara**. Debe de estar expresada de xeito que a súa comprensión sexa doada.
- c) **Organizada**. Debe axustarse a unha estrutura previamente definida e axeitada ao tipo de texto.
- d) **Pertinente**. Todos os datos que se ofrezan deben ser importantes para a finalidade informativa do texto e deben evitarse os temas secundarios ou a información moi afastada do tema principal.
- e) **Con progresión lóxica ou temática**. A información que se ofrece debe presentarse de forma gradual. A coñecida polo receptor ou pola receptora denomínase **tema** e a ampliación que se fai con información nova **rema**.

(1) Fonte: *Lingua galega e Literatura. Bacharelato 2*. Isabel González Avión e Emilio Xosé Ínsua López. Baía Edicións. Consorcio Editorial Galego. 2016.

O comentario crítico ou análise de texto

Podemos empregar diferentes **esquemas de progresión temática**:

- a) **Tema continuo**: un tema constante desenvólvese en diferentes remas (instituto (T); situación, construción, remodelación, ventás... (R))
- b) **Temas enlazados ou en cadea**: prodúcese unha relación de concatenación, pois o tema principal dá lugar a remas que, á súa vez, se convierten en temas (instituto (T); aulas (R); aula 2º bacharelato (NT) -pupitres, ventás, encerados, ordenador.. (R).-; encerados (NT) -analóxico, dixital-(R)).
- c) **Temas derivados**. Un tema dá lugar a diferentes temas relacionados co primeiro, que teñen os seus desenvolvementos específicos (instituto (T); alumnado, aulas, biblioteca... (R); alumnado de bacharelato, secundaria obrigatoria... (R-T); ex-alumnado (R-T); profesións... (R-T))

A cohesión

Esta propiedade vén sendo o conxunto de procedementos lingüísticos que levan a considerar un texto como un todo semanticamente unitario, por medio das relacións semánticas e sintácticas das súas partes ou elementos constitutivos, a través dos seguintes procedementos:

- a) **A cohesión lóxica** que indica a relación semántica entre as partes do texto por medio de palabras relacionadas polo seu significado (campos semánticos...), mediante o uso de sinónimos, hiperónimos...; a fin de evitar a redundancia.
- b) **Os conectores ou organizadores textuais** que relacionan os diferentes enunciados dun texto, a través dos conectores lóxicos ou estruturais:
 1. **Os conectores lóxicos** marcan a relación semántica entre enunciados sucesivos; poden ser sumativos (*además, tamén...*), de obxección (*pero, no entanto, mais...*), de causa (*porque, xa que...*), de consecuencia (*polo tanto así...*), concesivos (*aínda que, a pesar de que...*), condicionais (*se, no caso de que...*)...
 2. **Os conectores estruturais** marcan a diferentes partes do texto; poden ser de comezo (*para comezar, no tocante a...*), de transición (*por outra parte, polo que respecta a...*), de resumo (*en conclusión, resumindo...*), de finalización (*en definitiva...*)...
- c) **A referencia**, procedemento mediante o cal determinados vocábulos remiten a outros elementos do texto ou do contexto. Caso dos **deícticos** (pronomes e adverbios), que poden clasificarse en **exofóricos**, cando fan referencia ao contexto extralingüístico, e **endofóricos**, cando se refiren a elementos textuais. Á súa vez, estes últimos poden ser **anafóricos** (referencia a algo xa mencionado), ou **catafóricos** (referente a algo a presentar posteriormente).
- d) **A substitución e a elipse** que permiten cambiar por outra unidade ou eliminar un elemento ou fragmento do texto xa mencionado.

O comentario crítico ou análise de texto

Texto 1.

O baboso de Daniel, que chegaba sempre borracho perdido, abusaba dela. Así como cho conto, Abusaba da rapaciña todas as noites. Non o podo nin imaxinar, que me dá **arrepíos**. Aquel home noxento, cheirando a alcohol, **sobando** a sobriña, miña pequena... Teu tío Seso era moi bo, pero tamén moi raro, e aquela noite, cando llo quixen contar, nin sequera me deixou comezar, que Concha xa lle escribira aquilo nunha carta e nin lle contestara, que non estaba disposto a consentir que seguise **espallando** merda desa maneira contra a súa familia...

Se eu che contase as que teño levado, que tiña unhas mans que parecían martelos... Eu *bebía os ventos* por el, xa cho dixen onte, mais cando me pegaba, odiábao de verdade, cunha **xenreira** que non me collía no corpo. Unha vergoña, dime ti, coa cara marcada, tendo que dicir na tenda que batera contra unha porta ou que escorregara no chan mollado. Mais esa é outra historia, que non quero falar diso agora. Antes as mulleres eramos así, parviñas, que lle queres, soportabamos o que non debiamos. Non eramos nada. Había ser agora. Se é hoxe, eu non llo tería consentido, mais daquela, alí, en Barcelona, asustada naquela cidade, tíñao só a el, e sen el eu non era nada, e aínda que non me cabía na cabeza que non quixese facerlle caso á filla, calei. Sei que fixen mal, sabíao xa daquela, que calei e non tiña que ter calado, porque o que estabamos ocultando entre todos era algo tremendo, un crime, unha vergoña. Eu tamén calei, eu tamén me sinto culpábel desde aquela. Por iso Concha non confiaba en ninguén, chamou a todas as portas e ninguén lle quixo abrir. Abandonámola á súa sorte. Por iso marchou.

Manuel Portas, *Faneca brava*. Xerais 2013

Estrutura e puntuación da ABAU

A seguir a estrutura da ABAU:

A) Preguntas 1 e 2: 1 punto cada unha. Responderase de xeito breve a algún aspecto de comprensión dun texto:

- Resumo breve do texto ou dunha parte del.
- Estrutura do texto.
- Ideas principais e secundarias (esquema).
- Intencionalidade do texto (reflexión literaria ou non).
- Opinión do autor sobre algún aspecto que se indique. Será especialmente interesante para o alumnado que perciba as ironías, por exemplo, e non entenda só o que se di, senón o que se quere dicir.
- Significado (definición ou explicación) concreto no texto dalgunha palabra ou expresión.

B) **Pregunta 3: 3 puntos.** Extensión aproximada de 200 ou 250 palabras. Avaliará a expresión. Para a súa puntuación terase en conta o **xuízo crítico das ideas que conteña o texto ou parte do mesmo**, así como a capacidade do alumnado para estruturar adecuadamente as ideas que expón e a corrección da expresión. Tamén se terá en conta a corrección gramatical e ortográfica: Na propia puntuación da pregunta valorarase negativamente a incorrección ortográfica e normativa.

C) **Preguntas 4 e 5: 1 punto** cada unha. Versarán sobre conceptos de fonética, fonoloxía, morfoloxía, sintaxe, semántica, léxico ou dialectoloxía.

D) **Preguntas 6: 1 punto:** Tema de Sociolingüística. 200 ou 250 palabras.

E) **Pregunta 7: 2 puntos.** Tema de Literatura. 400 palabras.

Cuestións:

De comentario do texto

1. Resume o texto.
2. Sinala a súa estrutura indicando os núcleos de contido de cada parte.
3. Fai o esquema de ideas.
4. Expón de maneira argumentada a túa opinión acerca do reflectido no texto. (Extensión aproximada 200-250 palabras).

Outras

5. Explica o significado que teñen no texto as palabras en negriña.
6. *Bebía os ventos* (líña 10) é unha frase feita, explica o seu significado. Pon outros catro exemplos de fraseoloxía galega e explica os seus significados.

NOTA: As catro primeiras cuestións deben ser entregadas na data acordada. As dúas últimas corruxirémolas na clase.

Cráterios de corrección na ABAU

Valorarse a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos. Os erros poderán ser:

Moi graves: aquelas solucións que son alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...). Descontaranse 0,2 puntos.

Graves: solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y...*). Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.

Leves: solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05 puntos.

Esta valoración negativa non se aplicará sobre a pregunta 3, xa que na propia valoración da pregunta xa irá incluído o desconto.

Web: www.ciug.cesga.es

O comentario crítico ou análise de texto

Texto 2

21-0: Neocastro político

A TVE recolle -con subtítulos- as palabras dun político en suposto galego. Desde a barra da cafetería da autoestrada viaxeiros portugueses escoitan, e un deles pregunta «Mas que é isso que fala o gajo?». Ao seu lado uns galegos comezan a debater sobre o **castrapo** e o neocastro.

O 21 de outubro aproxímase e os intervenientes na lide cara ao Hórreo **falan sen couto**. Mais, que falan? Algo que confunde os tradutores automáticos cando se aplican ás actas do Parlamento, ou que obriga os redactores de La Voz a corrixiren declaracións para que o galego do xornal sexa iso: galego.

«O noso partido se vai a volcar no esforzo hacia o pleno empleo... Estos anos pasaos se colleu a mala costume... Todavía te vendrán a decir o que lles dé a gana, pero ti non to creas... Se comen o marrón da lei que habían feito...». Etcétera.

Con todo, o galego é un idioma perfectamente codificado, e supostamente estudado segundo o código que avalan o ILG e a RAG. Mais a clase política galega (salvo raras excepcións) obstínase servir de **sicario** contra a lingua **matriz** dun dos tres idiomas europeos máis falados no mundo. Quizais teña moita culpa diso que as súas señorías len pouquísimo en galego, nada en portugués e moito en castelán.

Han ter Madrid como referencia para todo. De feito agora repiten, traducida ao galego, unha expresión madrileña, propia de onde chove escasamente: «Coa que está a caer»... Certo, «con la que está cayendo» en Galicia (non de chuvia mais de neocastro) o país non se dá salvado.

Xavier Alcalá. *La Voz de Galicia* (11-09-2012)

Texto 3

As mulleres son as que na práctica gobernan Galiza e é quizais este **matriarcado** o que explica o **conservadorismo**, a industria e a economía que prevalecen no país. Estas mulleres espléndidas traballan arreo dende moi novas ata o día da morte. Cavan, aran e sementan, fan longas camiñadas ao mercado levando pesadas cargas e atopan tempo para **tecer**, fiar, cocer o pan, criar os fillos e tamén para as múltiples tarefas relacionadas co liño, o millo, as castañas e as videiras. Son **normalmente** fortes e ben desenvolvidas en contraste cos seus maridos, débiles e **choromiqueiros**, aos que gobernan e, ao teren control da bolsa dos cartos, lles conceden só unha pequena cantidade para a taberna.

Un estranxeiro non ten que estar moito tempo en Galiza para decatarse de que é a terra das viúvas, viúvas de vivos, viúvas de mortos. Por todos os lados se ven mulleres e cativos traballando, sen homes. É tamén, estrañamente, a terra dos **superviventes**, malia o espírito de progreso que conduce o galego cara a unha **uropeización**, e que non se preocupa de se os vellos costumes se dilúen nunha **insípida** uniformidade con tal de existiren máis ferrocarrís, coches e outros signos de “civilización”. A emigración por si mesma non é unha necesidade, é unha tradición. Non se debe simplemente ao desexo de evitar o servizo militar, xa que o exiliado non podería volver e morrería de morriña, nin tampouco á falta de traballo na terra nativa, onde o solo, en compensación polo esforzo, devolve abondosos alimentos.

Aubrey F. G. Bell (tradución), 1922.

Cuestións:

De comentario do texto

1. Resume o texto.
2. Sinala a súa estrutura indicando os núcleos de contido de cada parte .
3. Fai un comentario crítico arredor do mal uso lingüístico que a clase política fai do idioma galego.

Outras

4. Explica o significado que teñen no texto as palabras ou expresións marcada en negra.

NOTA: As tres primeiras cuestións deben ser entregadas na data acordada. Extensión aproximada do comentario 200-250 palabras.

A última corrixémola na clase.

Cuestións:

De comentario do texto

1. Resume o texto.
2. Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto.
3. Expón a túa opinión persoal sobre o que se di no primeiro parágrafo do texto

Outras

4. Segmenta as palabras subliñadas. Indica que é cada compoñente e cal e a significación dos prefixos e os afixos derivativos.
5. Explica o significado que teñen no texto as palabras ou expresións marcada en negra.

NOTA: As tres primeiras cuestións deben ser entregadas na data acordada. Extensión aproximada do comentario 200-250 palabras.

As dúas últimas corrixémolas na clase.

O comentario crítico ou análise de texto

Texto 4

“Ódiote, campo fresco...”. Así comeza un dos máis **estorrecentes** e menos difundidos poemas de Rosalía de Castro. Agora, cando un o escoita coa voz e coa música de César Morán, emerge cun abraiante significado actual e colectivo. Este poema remata dicindo: “¡Porque vos ameí tanto é porque así vos odio!”.

Galicia inicia o século XXI cun problema de **esquizofrenia**. Endexamais houbo tantas proclamas de amor á terra e tantas institucións e organismos con persoas e persoal, con medios e **orxamentos**, para desenvolver e concretar ese anexo amoroso. Pero tamén, e pola contra, vemos unha realidade onde proseguen e abundan os malos tratos, o desamor, e un dominio destrutivo sobre o que se deu en chamar a Terra Nai. Aquí hai moita maquinaria pesada en movemento incontrolado pero semella parada a máquina máis útil: o reloxo que mide o tempo perdido...

Galicia é o fogar que temos, é a casa común. A primeira esixencia de futuro é revisar criticamente a nosa relación con ela. Preguntarnos en que fallamos, en que nos estamos enganando. Se cadra non chegaremos a unha conclusión unánime sobre o que hai que facer, pero deberíamos ser quen de acordar o que non se debe facer, o que non se debe seguir facendo.

Un país fermoso pode ser afeado. Un país con recursos pode estragalos. Un país con futuro pode ir **esmorecendo** nunha especie de **limbo** triste, de amnesia histórica. Que isto pase ou non, non depende da fatalidade, nin dos **fados** do destino, senón da nosa vontade. Os medios son a educación, a información, as leis democráticas e unha nova política económica que non considere o factor ecolóxico, o respecto ao medio ambiente, como algo marxinal senón central para facer da Casa Galicia unha sociedade de benestar.

O primeiro compromiso debería ser o de non permitir máis desfeitas irreversibles. Dise que somos conservadores. Ben, por que non selo de verdade? Por que non selo para o mellor e non para o peor? Conservar, si, a terra e a liberdade.

Manuel Rivas, en *La Voz de Galicia*, 31-XII-2000

Texto 5

Diario de Pontevedra. Estudos recentes dunha universidade americana sinalan que o 90% das comunicacións que se desenvolven no **Facebook** en todo o mundo son completamente intrascendentes.

Edward P. Sinclair e Alice McDonald, sociólogos do Departamento de Psicoloxía da Universidade de Massachusetts, sinalaron que, tras **rastrexar** durante cinco anos os **muros** (*walls*) e diálogos (*conversations*) dos usuarios subscritos a esta **macrorrede** social, chegaron á conclusión de que ata o 90% destas conversacións están baseadas no “narcisismo e estupidez das persoas”... Edward P. Sinclair ofrécenos o seguinte diálogo, localizado nalgunha parte do globo terráqueo, jentre dúas persoas!, e advírtenos ademais do perigo que corre a especie humana ao economizar ata límites insospeitados a súa linguaxe situándose, nalgúns casos, por debaixo do coeficiente intelectual dun primate.

Que?

Bua!

Ja, ja.

Ha, ha, non!

He, he!

Si, he, he!

Psst!

Buf!

OK!

Vai!

Ti!

Non!

Hua, hua, hua!

Oink, oink!

Álex Alonso, *Tempos de bebidas isotónicas e fast-food*. Xerais 2016

Cuestións:

De comentario do texto

1. Indica o tema do texto e resume o seu contido.
2. Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto.
3. Fai un comentario crítico sobre o tema desenvolvido no texto.

Outras

4. Explica o significado que teñen no texto as palabras ou expresións marcadas en negriña.
5. Segmenta nos seus elementos constitutivos as seguintes palabras do último parágrafo do texto: *desfeitas, irreversibles, conservadores e liberdade*

NOTA: As tres primeiras cuestións deben ser entregadas na data acordada. Extensión aproximada do comentario 200-250 palabras.

A última corruxímola na clase.

Cuestións:

De comentario do texto

1. Resume o texto e ponlle título.
2. Sinala a estrutura do texto indicando os núcleos de contido de cada parte.
3. Fai un comentario crítico sobre o feito de economizar a linguaxe usada nas redes sociais.

Outras

4. Explica o significado que teñen no texto as palabras marcadas en negriña. O mesmo é recto ou figurado?

NOTA: As tres primeiras cuestións deben ser entregadas na data acordada. Extensión aproximada do comentario 200-250 palabras.

A última corruxímola na clase.

O comentario crítico ou análise de texto

Texto 6

Dentro do conxunto das linguas do mundo, a maior parte delas co seu porvir ameazado, o galego pode ser cualificado como unha lingua viábel mais potencialmente en perigo. Dous son fundamentalmente os perigos que o ameazan: a constante perda de falantes, exponencialmente acelerada nas últimas décadas, que o poden converter en breve, se xa non o é na actualidade, en **lingua minoritaria** na sociedade galega; e o proceso de erosión interna ou castelanización progresiva das súas **estruturas morfosintácticas, lexicais ou fónicas**, que pode conducir á súa disolución na lingua oficial do Estado como máis unha variante dialectal dela. A lingua galega é, por tanto, unha **lingua minorizada** na Galiza que ten o seu porvir ameazado por se achar inmersa nun proceso de **substitución lingüística** a cada paso máis acelerado.

A aposta lingüística dunha Galiza con vocación de futuro e de progreso debe pasar pola irrenunciábel defensa da súa lingua, pois só ela lle pode garantir a súa propia existencia como pobo diferenciado, alén de lle outorgar un valor acrecentado no concerto das nacións existentes no mundo. O incuestionábel valor de identidade deberá traducirse necesariamente tamén en valor económico, pois as potencialidades que neste sentido ten unha lingua asociada a unha cultura propia e milenaria como a galega, estendida alén diso por diversos continentes co nome de portugués, son inmensas. A defensa de tan importante patrimonio debe vincularse á defensa da biodiversidade e da multiculturalidade no mundo e confrontarse co uniformismo e o **imperialismo lingüístico** como doutrinas a combater. Son, pois, a **perspectiva ecolingüística** e a defensa do plurilingüismo a nivel mundial o marco en que debemos situar a necesidade de preservarmos a nosa lingua e de garantirmos os dereitos lingüísticos das persoas galegofalantes.

Perigos, incertezas e perspectivas de futuro para a lingua galega, Xosé Ramón Freixeiro Mato, in *Lingua e futuro* (Laovento, 2010).

Texto 7

Acusación

Síntome **exótica**, si. Pero non porque a xenética me dotase dunhas cadeiras perigosas e abismais, ás que os instintos atávicos masculinos se abeiran, buscando perder o sentido. Síntome... **extravagante**. Mesmo insólita. Pero non porque posúa un bronceado caribeño ou porque unha arañeira de atributos divinos me percorra a epiderme, desencadeando unha restra de envexas e conflitos. Síntome, definitivamente, estranxeira. Pero non porque fale cun acento nórdico e enigmático, mentres varias bocas entreabertas agardan a que as sele con humidade e sofisticación.

Ti. Vós. Eles... Sodes moitos os que nos convertestes nas mulleres exóticas que hoxe somos, sen remedio. Tan, tan especiais nos facedes sentir que pouco nos falta para mudar en vaidosas. E por ese motivo, acúsovos. A ti. A vós. A eles ... Acúsovos por definírdenos, **estigmaticamente**, como *las chicas que hablan en gallego*.

Confeso que, farta de ser unha desas *chicas que hablan en gallego*, e movida por unha timidez paralizante que ninguén cre, escóndome: no **castrapo**, na mudez, na indignación. Confeso que calo segredos que me fan máis xustiza: non me peiteo, mordo as unllas e visto a mesma roupa durante tres días seguidos. Mais ninguén me define polo meu *glamour* escaso ou desgana excesiva. Confeso que nos meus plans máis íntimos está o de quedar solteira. Porque non penso aturar ser a amante dun fulano que resposte *salgo con alguén*, cando lle pregunten *sigues sendo un crápula?*, e aturar que o tipo me describa como a unha turista: *conocí a una chica que habla en gallego*. Descoñézoo, pero xuraría que fun *la chica que habla en gallego* en moitos lugares: onde estudei, onde merquei, onde bebin... Ben podería ser *la chica que odia cocinar* ou *la chica que escribió una novela* ou *la chica que también sueña con una cerilla y un bidón de gasolina porque quiere comprobar si vuestros corazones prenden y se inflaman*. Pero non. Defíneme por unha cuestión que, en absoluto, me resume. Por unha cuestión irremediabilmente autóctona, común e natural: a lingua de meu. Un galego de Vigo. Zona centro. Pracer esquina con Progreso, que **ironía**.

Iolanda Zúñiga, *Tempos Novos*, marzo 2011.

Cuestións:

De comentario do texto

1. Resume o texto.
2. Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto.
3. Redacta un texto expoñendo a túa opinión arredor da confrontación entre imperialismo lingüístico e ecolingüismo.

Outras

4. Explica o significado que teñen no texto os sintagmas marcados en negra.
5. Indica oito estados nos que o portugués sexa lingua oficial.

NOTA: Extensión aproximada do comentario 200-250 palabras.

Cuestións:

De comentario do texto

1. Fai unha síntese do texto.
2. Desenvolve a estrutura do mesmo.
3. Realiza un esquema de ideas do texto anterior.
4. Define ou explica o significado que teñen no texto as cinco palabras en negra.
5. *Glamour* (líña 14) é un barbarismo (anglicismo). Indica a forma galega correspondente e escolle outros cinco anglicismos de necesidade explicando o seu significado.
6. Realiza un comentario crítico argumentando sobre os estereotipos de xénero e os estereotipos lingüísticos.

NOTA: Extensión aproximada do comentario 200-250 palabras.

O comentario crítico ou análise de texto

Texto 8

(...) É un erro grave, e dos máis **prexudiciais**, inculcar á muller que a súa misión única é a de esposa e nai; equivale a lle dicir que non pode ser nada de seu, e aniquilar nela o seu eu moral e intelectual, (...).

O primeiro que necesita a muller é afirmar a súa personalidade, independente do seu estado, e **persuadirse** de que, solteira, casada ou viúva, ten deberes que cumprir, dereitos que reclamar, **dignidade** que non depende de ninguén, un traballo que realizar, e idea de que é unha cousa seria, grave, a vida, e que se a toma como un xogo, ela será indefectiblemente xoguete. Dádeme unha muller que teña estas condicións, e dareivos unha boa esposa e unha boa nai, que non o será sen elas. Canta falta lle han facer, e aos seus fillos, de quedar viúva. E se permanece solteira, pode ser moi útil, moito, á sociedade, moi necesitada de persoas que contribúan á conservación da especie. A falta de personalidade na muller **esteriliza** grandes calidades de milleiros de solteiras ou viúvas; e non é pouco o dano que da súa falta de acción benéfica resulta.

Concepción Arenal (tradución), 1884.

Texto 9

Por certo, cando Cuíña (pai) era alcalde de Lalín e comezaba a ser respectado e celebrado co sobrenome de Caudillo de Deza, unha das súas iniciativas foi a de facer algo de xustiza con Laxeiro, un **xenio** “local universal” que algúns ignorantes trataban como un “artista muy gallego”, é dicir, queréndoo reducir ao **tipismo** e máis nada. O caso é que Xosé Cuíña propuxo e acadou, claro, o recoñecemento de Fillo Predilecto de Lalín para o gran Laxeiro. Que tomou o título en serio, como debe ser. E así foi cando a célebre visita de Alfonsín, pouco despois de ser elixido primeiro presidente da recuperada democracia arxentina. O fillo de emigrantes volvía como presidente da gran nación de ultramar! Foi unha visita moi cálida, moi emotiva, con moita participación da xente. Lémbroo ben, como xornalista. Mais houbo unha recepción pechada, tipo **VIP**, á que non deixaban entrar a quen non acadise acreditado. Alí dentro, como alcalde, estaba Cuíña.

Dende fóra, Laxeiro, a quen non permitían o paso, berrou:

-Oes, Pepe? Son fillo predilecto ou son un fillo de puta?

E pasou, claro.

Falando do “local universal”, Lalín sempre tivo unha íntima relación co cosmos. Penso que en parte se deriva desa conciencia aberta disposta a traspasar fronteiras xeográficas e mentais que delata o lema lalinense por excelencia: “Os de Lalín, con razón ou sen ela.” De Lalín era o marabilloso astrónomo Ramón María Aller. De Lalín era tamén un dos grandes pioneiros da aviación mundial, Xoaquín Loriga. A obra de don Ramón María está relativamente divulgada, aínda que o todo sexa pouco. Mais a biografía apaixonante de Loriga, a quen o escultor Asorey dedicou unha das súas obras máis orixinais, non é moi coñecida na Galicia de hoxe. Daría para unha magnífica serie de historia e aventuras na TVG.

[...]

Aquí entra en acción outro da aviación astronómica lalinense, o filólogo e escritor Gonzalo Navaza, autor, entre outras marabillas, de *Erros e Tánatos*. No alto do monte da Curota, Gonzalo contoume algunhas cousas de Loriga e tamén o berro que era a súa **divisa**. Cando pilotaba o avión e aparecía algún atranco en forma de cumio ou penedo, ía Loriga, **amarraba** os mandos, e berraba: “Aparta, pena, que te afundo!”

Velaí a épica entrañábel, exemplar, da persoa que se afronta á rocha do destino. E en lugar do caer manso, ergue a cabeza e dille que non está de acordo con esa intromisión.

Episodios galegos. Tempo de esperpento. Manuel Rivas

Cuestións:

De comentario do texto

1. Resume o texto.
2. Sinala a súa estrutura indicando os núcleos de contido de cada parte.
3. Elabora un comentario crítico sobre o expresado no texto.

Outras

4. Explica o significado das palabras ou expresións marcada en negra.

NOTA: As tres primeiras cuestións deben ser entregadas na data acordada. Extensión aproximada do comentario 200-250 palabras.

A última corrixémola na clase.

Cuestións:

De comentario do texto

1. Resume o texto.
2. Sinala a súa estrutura indicando os núcleos de contido de cada parte.
3. Fai o esquema de ideas.
4. Expón de maneira argumentada a túa opinión acerca do valor do local como elemento de promoción externa. (Extensión aproximada 200-250 palabras).

Outras

5. Explica o significado das palabras ou expresións marcada en negra.
6. No texto aparecen os xentilicios *arxentina* e *lalinenses*. Indica outros cinco xentilicios americanos e outros cinco galegos. Flexiónaos en xénero e número.

NOTA: As catro primeiras cuestións deben ser entregadas na data acordada. As dúas últimas corrixémolas na clase.

As dúas restantes corrixémolas na clase.

O comentario crítico ou análise de texto

Texto 10

Non se sabe escribir

Cada día escríbese peor, mesmo nos ámbitos académicos ou culturais, que deberían dar exemplo. Tense chegado a un preocupante abandono, con faltas de ortografía imperdoables, mala redacción e incapacidade para expresar con coherencia o que se quere comunicar. Tamén se recuou en aspectos instrumentais básicos, como é a velocidade. Basta con ditarlles un texto aos estudantes, incluso universitarios, para comprobar a absoluta incapacidade de manter un ritmo que non hai moito tempo superábase en etapas anteriores. E corrixir exames ou traballos dos máis altos niveis académicos corrobora as citadas carencias e provoca moitas dúbidas sobre o sistema de avaliación. De que serve que un alumno estude e domine a materia se non se sabe expresar? Que cualificación se outorga a traballos mal redactados e estruturados ou con faltas de ortografía?

Quedo con tres causas desta desfeita. A primeira está na vixente planificación legal do ensino primario. Currículos excesivos e horarios rixidos que obrigan a abranguer moito, pero apertar pouco. Saben moi ben os mestres que habería que prescindir de contidos e de libros de texto, para centrarse na lectura e na escritura ata que estas se consoliden e se convertan en hábitos, esenciais para o éxito escolar. Onde van os ditados, copias, redaccións ou resumos cotiáns, reiterados ata a fartura na aula ou mesmo na casa? Os bos profesionais acaban tirando a toalla, véndose obrigados a algo que vai contra a súa natura: permitir que os alumnos ascendan no sistema sen dominar ben lectura, escritura e cálculo, con todas as súas connotacións pedagóxicas.

A segunda causa está na falta de hábito lector, imprescindible para o adecuado progreso do estudante. Lectura e escritura son interdependentes e non hai mellor manual de ortografía e redacción que acostumarse a ler, potenciando a rapidez e a comprensión. Volvemos ao dito, onde van na escola as constantes lecturas en voz alta, coidando a entoación de acordo cos signos de puntuación? E as silenciosas coa boca pechada, potenciando a rapidez e seguidas de resumos do lido? Cónstame que se seguen a practicar, pero non co grao e a asiduidade que require esta aprendizaxe.

Por último, que podería ir en primeiro lugar, está o mal uso das tecnoloxías. O rato ou o teclado substitúen fóra da aula o bolígrafo, pero non para potenciar a escritura, senón para xogar ou navegar pola Rede, sen orde nin control. Deste xeito, o alumno non atopa no ámbito virtual motivación ningunha para escribir e por riba accede a páxinas web que deforman as aprendizaxes adquiridas. Pésima morfoloxía, sintaxe e ortografía convértense en modelos que alimentan a anarquía expresiva, que o estudante acaba arrastrando de xeito inconsciente ao ámbito académico. A escola vese obrigada, unha vez máis, a intentar baleirar con culleres o recipiente que outros enchen fóra con caldeiros.

Celso Currás. La Voz de Galicia (18-06-2019)

Cuestións:

De comentario do texto

1. Resume o texto e ponlle título.
2. Sinala a súa estrutura indicando os núcleos de contido de cada parte .
3. Fai o esquema de ideas.
4. Expón de maneira argumentada a túa opinión acerca do reflectido no texto. (Extensión aproximada 200-250 palabras).

Outras

5. Web é un préstamo do inglés. Explica a súa orixe e significado e pon ti outros catro exemplos de anglicismos de necesidade, explicando igualmente o seu significado.

NOTA: As tres primeiras cuestións deben ser entregadas na data acordada.

As última corrixémola na clase.

O comentario crítico ou análise de texto

Texto 11

Importacións lingüísticas

O outro día escribín sobre as siglas, e agora perségume a teima polas palabras. Fun tomar un café e ao servirmo deixáronme un petisco doce. *Hand-made*, foi a presentación. Levantei a vista do xornal e mirei para o que había no pratiño. Por un momento, temín atopar unha pescada con anisakis, do estraño que me souu a expresión. Pero o meu cerebro xa estaba a funcionar e axiña se decatou de que o tal *hand made* non era máis ca un feito a man. É dicir, un biscoito da casa. Boa pinta tiña, e saboroso estaba.

Pregunteime, daquela, cando comezara todo este conto dos palabras importados. E pensei no *feedback*, que ben podíamos chamar retroalimentación. De aí ao *flash back* non pasou un segundo. Co bonito que sería un “destello do pasado”... Pero non. Dálle que dálle co *know-how* (tan sinxelo como “saber como”, ou coñecemento fundamental). E logo o *crowdfunding* e o *brainstorming*, que non son outros que o micromecenado (ou financiamento masivo) e a chuvia de ideas (ou máis literal: tormenta). Cousa bonita de dicir, incluso como “remexido de ideas”. Ou rustrido! Non me digan que a busca de ideas creativas non sería máis orixinal bautizándoa así.

Moito lle gusta aos anglosaxóns pegar palabras sen máis, sen complicarse a vida. E imos nós e veña, a copialo.

E falando das súas treboadas, saben o que é o que na súa lingua chaman *rainbow*? Pois o arco da chuvia, ao que nós dicimos **arco da vella**. Moito máis orixinal. E con historia detrás. Ah, que non a saben? Non llela vou descubrir. Pregunten, e descubrirán un tesouro.

María Canosa. Opinión. *Pingas de cristal (La Voz de Galicia)*. 21-08-2015.

Texto 12

Elexía do neno morto

Fáloche a ti, Aylan, aínda que o teu nome non importe, convertido como estás en cadáver, vítima, símbolo, refuxiado número tal. Xa non es máis ca un corpo na area, neno morto, e dígocho así, nunha lingua que nunca aprenderás, porque nin sequera che deu tempo de aprender **a fala nai**. Tampouco has xogar coas mesmas ondas que te traganon e te cuspiron porque xa eras neno morto e lles deches noxo. Alédate, neno morto, de seres ese corpiño inmóbil, mecido polo mar coma se fose un berce, pois así non terás que ser pobre nin famento, nin paria ou, peor, compadecido. Que sorte tes de non saberes o que é a xustiza porque aos nenos mortos non lles dá tempo de aprender as palabras que non precisan.

Fáloche a ti porque es todos os nenos mortos que quedaron sen foto. Fáloche a ti, en fin, porque quizais creas que, sendo a imaxe coa que almorzamos, poderás volverlle á Vella Europa o que foi de nova. Inocente! Aínda cres que as cousas fermosas nin envellecen nin pasan? Ti tamén pasarás, como pasaron os nenos mortos das moscas roldándolles os ollos grandes; pasarás como pasaron os outros cadáveres do Mediterráneo, e pasarás porque a Europa que soñaches na terra das Mil e Unha Noites é, en realidade, o teu peor pesadelo.

Confórmate, neno morto, de morreres perseguindo un soño. E alédate, en fin, de que por un intre o mar te anainase nas ondas e che cantase o vento a túa canción de berce derradeira. A terra que ti querías esmaga as infancias dos que non son seus fillos para non estragar o espellismo dos seus nenos vivos, eses que xogan felices nestas praias que só acubillan aos nenos alleos cando xa están mortos.

Inma López Silva. *La Voz de Galicia* (4-09-2015)

Cuestións:

De comentario do texto

1. Resume o texto.
2. Sinala a súa estrutura indicando os núcleos de contido de cada parte .
3. Fai un comentario crítico arredor do desenvolvido no texto.

Outras

4. Explica o significado que ten na cultura popular galega a expresión “**arco da vella**” marcada en negriña.

NOTA: As tres primeiras cuestións deben ser entregadas na data acordada. Extensión aproximada do comentario 200-250 palabras.

A última corruxímola na clase.

Cuestións:

De comentario do texto

1. Resume o texto.
2. Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto.
3. Explica o significado da expresión “**a fala nai**” marcada en
4. Redacta un texto expoñendo a túa opinión sobre o tema dos refuxiados. Extensión aproximada 200-250 palabras.

O comentario crítico ou análise de texto

Texto 13

Nin no ascensor nin no portal se cruzou con ningún veciño, por sorte, mais unha vez na rúa atopouse camiñando coa cabeza abaixada, incómoda coma se non fose ese o seu barrio de toda a vida, polo que se movía coma polo salón da súa casa. Co negrón, a xente aínda había crer que era unha muller maltratada! E o que pensarían do seu home, pobre Pepe! Deus sabe o que habían falar, xa estaba oíndo os dixomedixomes, as rexoubas mal intencionadas. A xente é moi amiga de saber, moito, e ela sentía o impulso de repartir explicacións aínda que non llas pedisen, de deixar ben claro ante o mundo que non era o que parecía, que simplemente levara un golpe ben parvo na cociña, na testa, e que despois o negrume descendera ata o ollo e virárallo mouro, que podía soar a escusa pero era certo, que o seu marido era bo e cariñoso con ela, non fosen pensar que...

Á altura do quiosco reparou nun home maduro que camiñaba cara a ela observándoa con molesta insistencia; ela desviou a vista tentando asemade ocultar co cabelo a carne denegrida. O home seguía andando sen quitarlle ollo, case con descaro. Non, descaro non era a palabra: sorría de medio lado cunha expresión de aberto desprezo. Cando chegou á súa altura, reafirmándose cun aceno de cabeza sentenciou: “Ai non, ti tamén has de ser boa!”.

Mercedes Leobalde, *Funambulistas*. Xerais 2015

Texto 14 (Este texto, agás o 1º parágrafo, formou parte da opción B da ABAU-2017)

Produción e consumo, os dous piares fundamentais sobre os que descansa toda actividade económica, son actos mutuamente interdependentes, tanto que calquera deles precisa do outro para existir. A produción leva nas súas entrañas o xermolo do consumo -prodúcense bens e servizos para seren consumidos- e consúmense só aqueles bens e servizos xa producidos -a produción precede ao consumo-.

Produción e consumo enchen as nosas vidas. E grazas ao progreso tecnolóxico e á acumulación de capital, só producimos durante media vida, cuarta arriba cuarta abaixo. Agás desgrazas, que sempre hai algunha do que é mal. **Consumidores, porén, sómolo todos** dende o berce ata o burato final. E tanto á hora de producir coma á hora de consumir, un principio informa o noso actuar: obter a máxima satisfacción posible. Agás excepcións, que sempre as hai para calquera regra.

O día da última tractorada, a produtora chairega Carmela da Chousa subiu aos mandos do SAME familiar de 224 cabalos e enfiou cara a Lugo a protestar polo baixo prezo do leite das súas vacas. Logo de arrodear a muralla empoleirada na cabina da súa máquina, a consumidora Carmela paseou as rúas do centro na procura dunha saía nova para estrear na comuñón do seu sobriño. Aínda que lle fervían os ollos por unha peza estampada da marca lalinense Toytypes, rematou por mercar outra menos lucida e de marca descoñecida, pero de prezo mais baixo.

Ese mesmo día, a produtora Susa de Valdecales soubo que a empresa na que prestaba os seus servizos, a téxtil Toytypes, presentaba un ERE rotatorio por mor da caída no volume de vendas, e que lle ía supor a ela un certo quebranto salarial. De volta á casa logo da xornada laboral, a consumidora Susa entrou no Centro Comercial para facer as compras alimentarias do día seguinte, e no canto do cartón de leite de Pascual —que viña mercando ata o de agora—, e vendo como viñan as cousas decidiuse por un “marca branca” quince céntimos máis barato.

Xosé Luís Sucasas, in *Vieiros.com*

(<http://www.vieiros.com/opinions/opinion/887/estamos-feitos-de-consumo-e-produccion>) 28/06/2009

Cuestións (Texto 13):

De comentario do texto

1. Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto.
2. Clasifica o texto consonte a súa tipoloxía (argumentativo, expositivo, descritivo, narrativo ou conversacional). Xustifica a resposta.
3. Expón de maneira argumentada a túa opinión acerca da expresión final: “**Ai non, ti tamén has de ser boa**”. (Extensión aproximada 200-250 palabras).

Outras

4. Explica o significado que teñen no texto as palabras subliñadas.

NOTA: As tres primeiras cuestións deben ser entregadas na data acordada. Extensión aproximada do comentario 200-250 palabras.

A última corríxerémola na clase.

Cuestións (Texto 14):

De comentario do texto

1. Indica cal é a estrutura do texto.
2. Expón brevemente a idea que nos quiere transmitir o autor co seu texto, máis alá das anécdotas que relata.
3. Redacta un texto sobre a importancia que teñen o consumo e a produción (ou o consumismo e a produtividade) no noso modo de vida actual. (Extensión aprox. 200-250 palabras).

Outras

4. *Consumidores, porén, sómolo todos* (en negra). Compara esa construción con estoutra que o autor non utiliza: *Todos somos consumidores*. Explica as diferenzas existentes entre as dúas: distinta orde de palabras, aparición do clítico (pronome persoal) de acusativo (*sómero* vs. *somos*) e introdución da forma *porén*.
5. Analiza sintacticamente a seguinte oración: *Carmela arrodeou a muralla empoleirada na cabina da súa máquina*.

O comentario crítico ou análise de texto

Texto 15

Querida Milucha:

Escriboche este correo eléctrico pra che disir que estou a faser un curso de informática a través da Asosiación de Visiños de San Mighel de Oia.

O curso chámase algo como as novas tecnoloxías, ferramentas e recursos.

A profesora Carolina díxonos que pra practicar nas novas tecnoloxías tiñamos que escribir un mel a quen quixeramos, e claro, eu, ao final, pensei en ti.

Pégname a risa cando a profesora dinos que collamos o rato.

Chámanlle rato ao mando do ordenador, coma o mando que ten a tele. Con che disir que a min hasta me dá un pouco de repelús tocalo. Porque ten lombo e todo. Ca cantidá de ratos que matou o Toby no alboio, e aghora, mira ti. A manexar o rato coma quen manexa unha escoba. [...]

Cando moves o rato aparéscete unha flechiña na pantalla que se chama cur..., cursor, e asghún ti movas o rato, o cursor vaiche asghún ti o ghies...

Envíochelo mel á túa direción, miluchina arroba iaghú punto con.

Querida Felisitas:

Xa pensei que non acababas máis.

Mentres estuveches a me escribiros o correo, eu estiven a navegar por interné.

Díxome a Carolina que pra entrar tiña que picar na icona do e azul. Así como cho conto. Eu pensei que ela se equivocara. Pinchar o que?, preghunteille. Picar na icona, volvemente disir. Ai, Dios mío, picar na icona! E non houbo outro nome un pouco máis fino pra chamarlle ao e azul? Pois chámase así. Que che parés?...

Estaba a navegar pola rede, que tamén se chama así, a rede, coma se estiveras a pescar serráns, e resulta que debín entrar nunha desas páxinas ghueb, toda cheiña de tetonas. Así como cho digho...

Coma un raio apaguei a sepeú e volvíñ resetear...

E que non te podes fiar nadita de nada de interné, Felisitas. Está cheo de trampas!

Ti, o que tes que faser é escribir no ghughel, que sei eu, ghuesos de plástico pra cans, que foi o que fixen eu, e ala!...

Estouche feita unha ghaker de manda truco, filla. Que son os ghaker? Ai, Felisitas, todo cho teño que explicar! Muller, os ghaker son estes homes ghuapos, ghuapos, que levan sempre ghomina no pelo, peinados pra tras, como lambidos por unha vaca!, cunhas ghedellas que brillan coma luseiros, e que se dedican a entrar nos códighos secretos das compañías. Eu que sei que compañías! Das empresas, dos bancos, das multinacionais...

Bueno filla, estame a Carolina a disir que xa vaia acabando que xa é hora de ir recollendo.

Pensar que aínda teño que chegar á casa a todo correr e faserlle unha tortilla francesa ao Toñito que me chegha de entrenar.

Mira, como non lle teña feita a sena, bótase coma un can! Quedoume no sitio do Kunta Kinte!

Un biquiño, Felisitas, desde o pupitre do lado.

Álex Alonso, *Tempos de bebidas isotónicas e fast-food*. Xerais 2016

Texto 16

Non se pode falar de suicidio, esa é a miña idea, digan o que digan. Morreu, iso si, porque el quixo. Escolleu o que el chamaba, nun dos seus cadernos, *A morte boa*. Foi un dos poucos que escribira sobre iso, xunto co seu amigo, Fermín Bouza Brey, un sabio do Seminario de Estudos. Un asunto **tabú**. Anotou con ironía naquel caderno: A eutanasia na tradición galega é unha tradición de antitradición. En **coplas** do norte de Portugal e Galicia hai referencias a ese deus axudado, en persoas con doenzas sen retorno, como o caso dunha vella **moribunda** de Guimarães á que lle deron **infusións** “**fumarentas** e perfumadas que lle proporcionaban unha morte suave”. Tamén se conta de lugares escolleitos, como un chamado Picoto do Pai, para deixar os vellos moribundos nese repouso final, cunha manta e pan de boroa.

Manuel Rivas, *O último día de Terranova*. Xerais 2015

Cuestións (Texto 15):

De comentario do texto

1. Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto.
2. A que variedade interna da lingua pertence o texto. Xustifica a resposta con elementos tirados do texto.
3. Expón de maneira argumentada a túa opinión acerca da expresión final: “**Un biquiño, Felisitas, desde o pupitre do lado**”. (Extensión aproximada 200-250 palabras).

Outras

4. Escolle catro termos do texto que presenten ampliación semántica e explica a elección.
5. Analiza as interferencias e desviacións presentes no texto.

NOTA: As tres primeiras cuestións deben ser entregadas na data acordada. Extensión aproximada do comentario 200-250 palabras.

A última corrixirémola na clase.

Cuestións (Texto 16):

De comentario do texto

1. Cal é o tema do texto? Resúmeo e non máis dunha liña.
2. Señala a súa estrutura e os núcleos de contido de cada parte.
3. Fai un comentario crítico arredor do tema exposto.

Outras

4. Segmenta as palabras subliñadas. Indica que é cada compoñente e cal é a significación dos prefixos e os afixos derivativos.
5. Explica o significado das palabras ou expresións marcada en negra.

NOTA: As tres primeiras cuestións deben ser entregadas na data acordada. Extensión aproximada do comentario 200-250 palabras.

A última corrixirémola na clase.

O comentario crítico ou análise de texto

Texto 17

WhatsApp

Ben sei que me vou perder polo WhatsApp. Xa o di sempre o meu home: un día escribes unha indecencia e, ¡zas!, ao *banquillo*. Será o WhatsApp, porque o Twitter úsoo pouco. Son demasiado verbal e os 140 caracteres dos chíos nunca me abondan. E enriba están os *emojis*. ¡Ai, os *emojis*! Xa case me faltan os *emojis* cando falo... Estou tomando un viño, poñamos por caso, e en lugar de deixar que a miña faciana se exprese libremente, atópome a min mesma pensando en calcar un *emoji* cos ollos, o nariz e a boca. «Que caras máis raras pos», díxéronme o outro día. Disimulei coma quen que me atragoara cunha oliva. Podería ser peor, e dar en felicitar á xente facéndome a flamenca ou en pedir perdón emulando como puidese a caca feliz. Non me cabe dúbida de que, despois da penicilina, o WhatsApp é o mellor invento da humanidade.

Logo está o grupo de WhatsApp da escola. Unha prolongación súper práctica do mellor lugar do mundo despois de Tinder para xuntarse con xente: á porta do colexio. Que persoas tan afíns a unha: todo criterio, todo amizade, todo complexidade nas conversas, todo matices, sen competitividade, sen simplificacións, sen mentiras. Desde que estou no WhatsApp das miñas novas mellores amigas, non necesito saír os sábados. Ademais, todo o que se di alí é verdade. Todo, todo, todo. Non pode ser mentira o que din vinte e cinco nais sobre a profesora dos seus fillos. Ademais, era un grupo privado. Aí sentímonos libres para dicir o que queiramos, que para iso estamos nunha democracia, que desde que hai lei mordaza non se pode nin falar, que se che ofende *tododiós*, e agora resulta que xa non podemos insultar como merece á profesora dos fillos, señor xuíz.

Inma López Silva, *La Voz de Galicia* (12-04-2017)

Texto 18

Luar, o país que somos (adaptación)

Xosé Ramón Gayoso, Medalla Castelao 2017 logo de 25 anos e máis de 1000 programas presentando e co-dirixindo o *Luar*, conforma un ritual do que el é o funcionario feiticeiro cada venres. Se lle poñemos un caldeiro xigante e un pucho semellante ao de Merlín, o medallista non dubida en botar dentro a banda da Escola de Gaitas de Ortigueira seguida de María del Monte, Xacarandaina e Natalia de Operación Triunfo, Cantigas e Agarimos e o Dúo Dinámico, A Roda e Isabel Pantoja, Pili Pampín e Andy y Lucas. Revólvese co batedor do orzamento público. Sírvase quente, en *prime time*, e déase de tomar ao pobo galego.

É de supor que unha televisión pública e nacional, como é a Televisión de Galicia, deba contribuir a manter e dinamizar a renovación das manifestacións culturais propias. Os mesmos directores do programa, Gayoso e Teo Manuel Abad (de quen é a idea orixinal do show), afirman que “queremos pór en valor a cultura de Galicia”, mais, como vemos, o que se fai no guión e sobre o escenario é mesturar trazos dunha cultura propia particularísima con exemplos dunha cultura allea como é a española. Estase así producindo un concepto do espectáculo galego como algo parcial e centrado en torno á idea dun folclore inmovilista adornado con toda a superestrutura de traxes *típicos* e repertorio de cancións populares hipercoñecidas. Ao lado, as que outrora foran *estrellitas* do panorama *castellano* e que, antes de colgar os micrófonos, veñen a darnos as últimas notas. A dar a nota.

Pode que se estea a colar a idea de que *valorizar o propio* consiste en poñelo ao lado de representacións doutra cultura á que se está considerando superior por hexemónica? Pode. Luar é, por tanto, un *cabalo de Troia* cunha aparencia externa de *valorizador* da cultura galega.

O programa Luar proxecta a imaxe dunha Galicia idealizada, e non deixa de ser un exemplo da falta de actualización do medio audiovisual público galego. Só queda renovarse ou acabar asumindo que ser galegos é ver o Luar, saberse as estrofas completas do himno da patria, comprar no Gadis e beber Estrella Galicia.

Ben é certo que as beberaxes sempre afectan máis a unhas consumidoras que a outras. Mentres Alberto Núñez Feijóo describía a Xosé Ramón Gayoso coma “historia viva da TVG”, un dos últimos venres o feiticeiro fixo unha das súas míticas chamadas ao azar, á que desta vez respondeu no teléfono unha muller: “*bueno, carallo, bueno*”. E colgou.

Lucas GSAL, *praza.gal* (20-06-2017)

Cuestións (Texto 17):

De análise do texto

1. Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto.
2. *Chíos* (líña 3) adquiriu un novo significado no ámbito da informática, cal?
3. Cal sería a palabra a usar no canto do barbarismo *emojis*. Xustifica a resposta.
4. Expón de maneira argumentada a túa opinión acerca do expresado no segundo parágrafo do texto. (Extensión aproximada 200-250 palabras).

Cuestións (Texto 18):

De análise do texto:

1. Estructura o texto, indicando os núcleos de contido de cada parte.
2. Clasifica o texto anterior consonte a súa tipoloxía (argumentativo, expositivo, descritivo, narrativo ou conversacional). Xustifica a resposta.
3. Explica o significado da expresión *dar a nota* (líña 20). Pon outros catro exemplos de fraseoloxía e explica igualmente o seu significado.
4. Comenta brevemente o sentido e intención que teñen no texto as seguintes afirmacións:
A Televisión de Galicia deba contribuir a manter e dinamizar a renovación das manifestacións culturais propias (líñas 9-11).
O programa Luar proxecta a imaxe dunha Galicia idealizada, e non deixa de ser un exemplo da falta de actualización do medio audiovisual público galego (líñas 25-26).
5. Reflexiona argumentativamente sobre o labor dos medios públicos na produción ou reprodución da realidade cultural. (Extensión aproximada 200-250 palabras).

O comentario crítico ou análise de texto

Texto 19

Os clans tiñan os seus códigos e prácticas mafiosas, moito máis cutres do que adoita retratar o cine. Padecérono os xornalistas que cubriron sobre o terreo aqueles primeiros anos de narcotráfico...

Pode parecer unha broma, ou tamén unha evidencia do pouco que reflectiu o cine a realidade social das rías galegas naquela época, pero unha das películas que mellor mostraron estes anos dourados do narcotráfico é a comedia *Airbag*. En clave de humor –en ocasións absurdo e non sempre efectivo– a película presenta un capo galego... Nunha secuencia do filme, o narco interpretado por Rabal ameaza os protagonistas, que, rodeados e apuntados por armas, intentan calmar os ánimos dicindo: “non pode disparar, hai decenas de testemuñas aquí”. O capo mira ao seu arredor e responde: “Son cidadáns. E a cidade é miña. E por certo, os xuíces tamén”.

E así era. Gozaban de impiedade. A sociedade das Rías Baixas aceptáboas, toleráboas e ata os admiraba. Repetíase ese mantra infalible (“traen diñeiro, traen riqueza”) que levaba escoitándose desde os primeiros capos do tabaco do Celta do Marlboro. A maioría da xente optaba por ser condescendente. “Mellor traballar para os clans que roubar. Algo terán que facer os rapaces...” A liña que separaba a delincuencia da sociedade era difusa, non estaba clara e esborrachábase aínda máis coas filantrópicas atencións dos capos. Ao igual que facían os contrabandistas desde os anos 50, os narcos financiaban todo tipo de iniciativas e beneficencias. As parroquias recibían inusuais donativos, as festas e procesións eran cousa dos petos dos clans, e ata equipos de fútbol e instalacións deportivas se vían agraciados cos narcobeneficios. Todo estaba baixo control.

[...]

Todo é silencio, titulou Manuel Rivas a súa novela sobre o narcotráfico galego. No seu título o escritor propón o carácter galego como fertilizante para que o narcotráfico prendese. A *omertá* galega, costume, manía ou lastre cultural que pervive en Galicia como un código que impide inmiscirse no que lle suceda ao veciño. “Alá cadaquén”. E os narcos ao seu.

[...]

Non foi casualidade que a fariña entrase por Galicia e non por Asturias ou Cantabria.

Nacho Carretero, *Fariña* (2018)

Cuestións (Texto 18):

De análise do texto

1. Fai a estrutura do texto anterior, indicando os núcleos de contido de cada parte.
2. Clasifica o texto anterior consonte a súa tipoloxía (argumentativo, expositivo, descritivo, narrativo ou conversacional). Xustifica a resposta.
3. Redacta un comentario no que expliques de forma argumentada o seguinte treito que aparece no terceiro parágrafo do texto anterior: *Mellor traballar para os clans que roubar. Algo terán que facer os rapaces...* (Extensión aproximada 200-250 palabras).

Outras

4. Explica o porqué do emprego da letra cursiva no texto anterior en *Airbag* (líña 6) e *omertá* (líña 27).
5. Comenta brevemente o sentido e intención que teñen no texto as seguintes afirmacións:
Gozaban de impiedade. (líña 13).
Traen diñeiro, traen riqueza. (líñas 14-15).

Cuestións (Texto 19):

De análise do texto:

1. Realiza un breve resumo de non máis de tres liñas do texto e ponlle título.
2. Que personaxe de *Xente ao lonxe* de Eduardo Blanco Amor relacionarías con Rosa. Xustifica a resposta.
3. Reflexiona argumentativamente sobre o seguinte treito do texto: *lamentaba a súa condición de muller que lle vedaba o acceso a ese mundo tan superior ao que ela habitaba* (Extensión aproximada 200-250 palabras).

Texto 20

Rosa asistía abraiada a esta conversa e a moitas outras nas que se cuestionaban cousas que ela nin remotamente pensara que podían ser de xeito diferente a como sempre foran. Paseniño, sen se decatar, era atraída por este tipo de debate que pouco antes atopara pouco produtivo. A súa mente inqueda amaba as novidades e sentíase cada vez máis desaproveitada nas súas ocupacións cotiás. Pero no canto de alegrarse pola oportunidade de albiscar un mundo de ideais sociais, políticos e filosóficos antes descoñecido, lamentaba a súa condición de muller que lle vedaba o acceso a ese mundo tan superior ao que ela habitaba.

En realidade non tiña por que ser así, non era doado pero tampouco imposible, só que ela tiña o hábito de transformar todas as experiencias da súa vida en algo intenso e triste.

Puri Ameixide, *Claro de lúa* (xullo, 2018)

O comentario crítico ou análise de texto

Texto 21

Titulite

A quen se lle ocorreu crear a Universidade Rey Juan Carlos con este formato que agora tanto asombra e por que? En que momento deixou de valorarse o coñecemento, a carreira e a formación para valorarse o título? Son dúas preguntas que me parecen máis relevantes para entender e corrixir o que está pasando con algúns políticos madrileños e algunhas universidades madrileñas. [...]

A idea era crear unha nova universidade pública de elite baseada en principios diferentes e cun significado diferente inscrito no propio nome da institución. Había outras razóns menos confesables para a creación da URJC que poden deducirse do contexto. [...]

Unha outra razón que explica a creación da Rey Juan Carlos ten que ver precisamente co acceso aos corpos de catedrático... [...]

Máis complexo resulta explicar a enfermidade da *titulite* que nos invadiu, e que substitúe á ansia de saber e á vontade de formarse. Anunciada e denunciada dende hai décadas por parte dos medios académicos, hoxe estamos vendo a punta do iceberg dos efectos da obsesión polo título e a creación do currículo máis baseado en papeis que en coñecementos demostrables e recoñecibles. A españolización da reforma e converxencia universitaria europea coñecida como Plan Boloña -españolización, que non adaptación- foi o último acto dunha doenza da que só coñecemos algúns síntomas, que en realidade agochan un mal máis profundo: o actual desprezo español pola universidade e o coñecemento.

Nada ten que ver co famoso «que inventen ellos» de Unamuno, que era un sabio, pero de letras, abafado pola crecente influencia da ciencia e a tecnoloxía no seu tempo e na súa universidade. Ten que ver coa xestión do noso presente e a confusión entre valor e prezo que afectou a algunhas universidades nalgúns sitios.

Lourenzo Fernández Prieto. *La Voz de Galicia* (17-09-2018)

Texto 22

Café con xeo

A próxima vez pido café con gotas. A fin de contas, de tanto pretender manter intacta a conciencia lingüística usando Twitter para o autobombo tralo Telón de Grelas unha xa aprendeu a escribir en bilingüe: "Novela en nada: escritora feliz"; "Casa en Madrid para prestarme?". O certo é que podería saír beneficiada co café con gotas en bilingüe, aínda que unha é responsábel e non bebe alcohol se está traballando, nin cambia de lingua nos bares de Pontevedra.

Fun pagar: «Cóbrasme un *gin-tonic*, unha botella de auga e un café con xeo, por favor?». O desprezo pintóuselle na cara, preméndome na mala conciencia burguesa. Trateino mal?, pensei. Preferiría que non o atuase? Por un intre, coidei ter un moco asomando, algo especialmente vergonzoso cando a túa indumentaria te precede na procura dun glamour do que careces. Comezaba a tocar disimuladamente a punta do nariz, cando o camareiro repetiu: "*Gin-tonic*, agua y café con hielo". Foi sutil, pero insistiu no final. "Si, con xeo", contestei, supoñendo unha dúbida. Igual oíra mal e non sabía se era manchado, cortado ou café con gotas. Pero non, era café en galego. "Con hielo", insistiu, e aí miroume, cargado novamente dese desprezo dos que dan leccións ás lesmas antes de pisalas.

A conciencia lingüística ten a particularidade de que é quen de esmagar os declasados, os que xulgan e os machistas (si, iso tamén: a sociolingüística é complexa). "Falo seis idiomas", fachendei, "pero non falo en impertinente...". "Que pagues, cona!", dixo o camareiro en bilingüe perfecto, engadindo un préstamo de incorporación seguramente recente ao seu vocabulario...

Inma López Silva. *La Voz de Galicia* (27-07-2019)

Cuestións (Texto 21):

De análise do texto:

1. Fai a estrutura do texto anterior, indicando os núcleos de contido de cada parte.
2. Clasifica o texto anterior consonte a súa tipoloxía (argumentativo, expositivo, descritivo, narrativo ou conversacional). Xustifica a resposta.
3. Redacta un comentario no que expliques de forma argumentada o reflectido polo autor no cuarto parágrafo do texto. (Extensión aproximada 200-250 palabras).

Outras:

4. Explica o porqué do emprego no cuarto parágrafo da letra cursiva en *titulite*.

Cuestións (Texto 22):

De análise do texto:

1. Fai a estrutura do texto, indicando os núcleos de contido de cada parte.
2. Clasifica o texto anterior consonte a súa tipoloxía (argumentativo, expositivo, descritivo, narrativo ou conversacional). Xustifica a resposta.
3. Redacta un comentario no que expliques de forma argumentada o reflectido pola autora no texto. (Extensión aproximada 200-250 palabras).

Outras:

4. Explica a frase *conciencia lingüística* (líña 2).

O comentario crítico ou análise de texto

Texto 23

Información a esgalla

O exceso de información pode chegar a ser unha verdadeira desinformación se con ela se atorda ao público -información masiva, procedente de múltiples fontes e de moi diversos intereses, por exemplo-. Porque esixe un sentido crítico nun alto grao, que a xente común dista moito de ter.

As *fake news*, por outra banda, xeradas polos diversos grupos de intereses, políticos ou non, e pola facilidade para poñelas en circulación, son, paréceme, un bo compendio do que é unha eficaz e masiva desinformación, moi doadamente asimilable pola sociedade -unha sociedade cada vez máis acrítica e que, por iso, acepta con máis facilidade unha información que non pode, nin quere, dixerir-.

As chamadas redes sociais son o mellor, e máis barato, recurso para levar desinformación á sociedade do noso tempo, dándolle datos ao chou, que, ou non sabe que facer con eles, ou remata por quedarse cos que mellor lle cadran, pois non está polo labor de escollelos, contrastalos ou valoralos con criterio.

Por iso, e outras causas, o cidadán do noso tempo leva camiño de ser, se non o está sendo xa, un verdadeiro zombi. Xornais, televisións, radios e redes sociais, que teñen ao seu dispor trebellos cada vez máis sofisticados e accesibles -o mesmo que a sociedade de hoxe-, apouvan ao cidadán con informacións que, en xeral, quedan afastadas dos seus intereses ou non sabe que facer con elas.

Defenderse de toda esa marea que pouco ten que ver coa información, máis ben coa deformación, non semella interesar a ninguén, nin sequera aos gobernos. Estaremos perdidíños se tivésemos razón. Pero é moito o que a situación dá que pensar: é coma se a evolución cultural se estivese producindo en sentido inverso á biolóxica.

Ben quixeramos pensar que non sexa verdade o que pensamos.

Xosé Luís Franco Grande. *La Voz de Galicia*, 24-02-2020.

Texto 24

O empobrecemento léxico é un mal que afecta a moitas linguas. Aínda estes días lía unha entrevista dunha poeta riojana que sentía morriña de palabras que caeran en desuso. Mais, cando a lingua é unha lingua minorizada como a nosa, ese empobrecemento aumenta exponencialmente.

A depauperación de que falamos está ligada en moitas ocasións á desaparición dun xeito de vida, por exemplo o provocado pola necesaria modernización das tarefas agrícolas ou pesqueiras que lanza ao esquecemento moitos campos semánticos.

Noutros casos son os cambios na ocupación do territorio os que determinan ese enfraquecemento. No noso país, os fluxos migratorios internos cara ás cidades traducíronse en que as xeracións máis novas perderon contacto coa paisaxe e a natureza. Así, foron medrando sen recoñecer as diferenzas entre as especies vexetais e animais que, malia vivir na cidade ou na vila, seguían a rodealas.

Dicía Manuel María que o idioma é a chave coa que abrimos o mundo, que é o mesmo que dicir, que a lingua describe, ou crea, a nosa realidade vital porque lle pon nome. Cando bidueiro, freixo abeleira ou sobreira; miñato, andoriña, cágado ou esquío deixan de ser "chave" coa que ir recoñecendo o mundo, as palabras desaparecen e son substituídas por arquilexemas como árbore, paxaro, bicho. Cando non polo castelanismo correspondente. E é que, como xa dixemos, aquí cómpre falar tamén da constante presión minorizadora que segue a sufrir a nosa lingua e que enfraquece tamén a nosa morfosintaxe.

Falando de árbores, cómpre dicir que, ás veces, somos nós os responsábeis desa perda léxica, pois houbo mans que acabaron coas frondosas autóctonas, substituíndoas polos especulativos eucaliptos.

Dicía Castelao que vale máis unha terra con árbores nos montes, ca ouro nos bancos. E así é, tamén desde unha perspectiva económica aplicada á lingua. Porque axuda a manter a riqueza lingüística e porque deseña unha identidade capaz de reivindicarse e impedir as eternas actitudes colonizadoras.

Marta Dacosta. *Nós Diario* (8-08-2020)

Cuestións (Texto 23):

De análise do texto:

1. Fai a estrutura do texto anterior, indicando os núcleos de contido de cada parte.
 2. Comenta brevemente o sentido que ten no texto o seguinte enunciado: *é coma se a evolución cultural se estivese producindo en sentido inverso á biolóxica.*
 3. Tira do texto un exemplo de paradoxo. Razona a resposta.
 4. Elabora un texto argumentativo tendo en conta o argumentado no primeiro parágrafo do texto. Extensión aproximada 200-250 palabras.
- Outras:**
5. Explica se os termos empregados no texto *fake news* (líña 5) e *redes sociais* (líña 15) poden ser considerados neoloxismos. E de que tipo?

Cuestións (Texto 24):

De análise do texto:

1. Fai o esquema do texto.
2. Clasifica o texto anterior consonte a súa tipoloxía (argumentativo, expositivo, descritivo, narrativo ou conversacional). Xustifica a resposta.
3. Redacta un comentario no que expliques de forma argumentada o reflectido pola autora no texto. (Extensión aproximada 200-250 palabras).